

TRANSCRIPCIÓN VÍDEO JUDITH BUTLER *GENDER THEORY*

Hai moitas teorías distintas sobre o xénero. A miña é só unha. Ás veces, algunhas persoas que realmente odian o xénero cítanme como se eu fose quen inventou todo isto, pero iso non é verdade. Na miña opinión, todo o mundo ten unha **teoría do xénero**. O que quero dicir con isto é que **todo o mundo leva consigo certas presuposicións sobre que é ou que debería ser o xénero**. E nalgún momento da vida preguntámonos: *¿De onde veñen esas presuposicións?* Neste momento preocúpame menos que teoría é correcta e cal é incorrecta. Porque **o ataque ao xénero é un ataque á democracia**. Temos o poder e a liberdade de facer as nosas vidas máis vivibles, vidas nas que os corpos poidan respirar, moverse e amar con máis liberdade, sen discriminación e sen medo á violencia.

Son **Judith Butler**, profesora na Graduate School da Universidade de California (Berkeley); dou clase de literatura, filosofía e teoría crítica. Son sobre todo coñecida por dous libros sobre xénero, ***Gender Trouble*** e ***Bodies That Matter***, dos primeiros anos da década de 1990.

Insisto en que **o que é ser muller, ou o que é ser home, ou calquera outro xénero, é algo aberto, non pechado dunha vez para sempre**. Temos toda unha serie de **diferenzas de tipo biolóxico**, así que non as nego, pero non penso que determinen de forma definitiva **quen somos**.

No centro destas controversias está a **distinción entre sexo e xénero**. Pensemos niso: **o sexo** é, en xeral, unha categoría que se asigna ás **criaturas recién nacidas** e que ten importancia no **mundo médico e xurídico**. **O xénero** é unha mestura de **normas culturais, formacións históricas, influencias familiares, realidades psíquicas, desexos e anhelos**. E nós temos algo que dicir aí.

A miña xuventude estivo moi marcada polos anos sesenta e polos movementos sociais que xurdiron daquela. Crieime na comunidade xudía do leste de Cleveland. Cando cheguei ao instituto xa era politicamente activa e ao mesmo tempo facía cursos universitarios de filosofía. A partir dos vinte anos decateime de que **non só os xudeus foran perseguidos e exterminados polo réxime nazi**; tamén as **persoas queer**, as **persoas gays e lesbianas**, as persoas con discapacidade, persoas enfermas, traballadores polacos, comunistas. A miña idea era que había que ampliar o enfoque e ver que moita xente fora obxecto de **políticas xenocidas**, e comprender que existen **diferentes formas de opresión**, e que queremos **xustiza** non só para o grupo ao que pertencemos, senón para calquera grupo que sofre dun xeito semellante.

Nos anos setenta e oitenta formei parte dun movemento de xente que estaba **repensando o xénero**. A **teoría queer** estaba a xurdir, pero en diálogo crítico co feminismo. As **cuestións trans** aínda non apareceran como parte da nosa realidade contemporánea. Era un momento no que nos preguntabamos: *¿Que fai a sociedade con nós e que podemos facer nós de nós mesmas?*

Había **versións do feminismo** ás que eu me opoñía. Unha sostíña que as **mulleres** son fundamentalmente **nais** e que a **maternidade** é a esencia do feminino. Outra definía sempre a **diferenza sexual** partindo por defecto da **heterosexualidade**. Ambas me parecían erradas.

Eu estaba bastante comprometida coa idea de que a xente non debe ser discriminada polo que fai co seu corpo, por quen ama, por como vive ou por como parece. Todo o que estaba dicindo é que o **sexo** que se che asigna ao nacer e o **xénero** que se che ensina a ser, non deberían determinar como vives a túa vida.

Ás veces cítase **Gender Trouble** como o inicio da **teoría de xénero**, pero había xente traballando sobre o xénero antes ca min: **Gayle Rubin**, **Juliet Mitchell** e, por suposto, **Simone de Beauvoir**.

Simone de Beauvoir era filósofa existencialista e feminista, e escribiu **O segundo sexo** nos anos coarenta. A idea básica era que unha **non nace muller, senón que chega a selo**; que **o corpo** non é un feito. Ela abriu a posibilidade de pensar a diferenza entre o sexo que se che asigna e o sexo [o **xénero** para Beauvoir] no que te convertes.

Gayle Rubin é antropóloga e escribiu un artigo extremadamente influínte sobre o tráfico de mulleres. O que trataba de mostrar era que a **familia** era unha estrutura cuxa tarefa consistía, entre outras cousas, en manter a **heterosexualidade** como algo que parece absolutamente normal. Aínda que formaba parte da **antropoloxía feminista** do momento, ese traballo permitiunos empezar a pensar o **xénero** como algo que se pode reproducir, elaborar, cultivar, e que existen sistemas e marcos aos que o xénero pertence. Había outra dimensión no traballo de Rubin, ligada ao seu interese pola psicoanálise. Basicamente dicía: quizá hai unha chea de **represión** implicada en converterse en home ou en muller, e que, para conformarnos coas **normas de xénero** existentes, temos que descartar todas as posibilidades de ser, sentir, facer, amar que non cadran coas normas de xénero que rexen as nosas vidas.

No momento en que escribín **Gender Trouble**, a xente trataba o **xénero** coma se fose un **feito natural** ou unha **realidade social** dada, pero non como algo que se pode **facer e refacer**. A **performatividade** é importante: na medida en que encarnamos quen somos nas nosas vidas, non se trata dun simple *actuar* [interpretar]. Cando o termo *performativo* foi acuñado por primeira vez, o filósofo **J. L. Austin** estaba a intentar comprender certos enunciados xurídicos: por exemplo, *declárovos marido e muller* nunha voda, que non son palabras falsas, senón actos que crean unha realidade. Do mesmo xeito, *ao actuar* [interpretar] nas nosas vidas un certo **xénero**, estamos a realizar o xénero de novo, estamos a facer que algo sexa real.

Cando as **persoas gays e lesbianas** comezaron a *saír do armario*, ou cando as **persoas trans** comezaron a vivir abertamente, algo cambiou no mundo. Ao aparecer, falar e actuar, a realidade cambiou. De feito, xa non falamos de *familia, muller, home, desexo, sexo* do mesmo xeito ca antes; mesmo o dicionario de Cambridge o recoñece dalgún xeito. Cando falamos de **performativo** falamos

de facer que algo chegue a existir, dun acto que ten consecuencias reais; falamos de cambiar a realidade.

Mesmo entre persoas progresistas e liberais que coñezo, ás veces hai resistencia a pensar nos dereitos das **persoas trans**, ou nos dereitos das **persoas gays e lesbianas**, ou mesmo nos dereitos das mulleres. Ás veces din que son cuestións secundarias, ou que simplemente lles fan sentir incómodas. *¿Por que teño que referirme a alguén como ela, el ou elu [elle, eles]?* Polo menos nos Estados Unidos, aprendemos a falar doutro modo das persoas negras, ou a falar doutra maneira das mulleres. É probable que sexa difícil aprender a usar unha linguaxe nova; quizais teñamos que axustar os nosos hábitos. Pero tropezar forma parte da aprendizaxe, e cometer erros forma parte da aprendizaxe, especialmente cando estamos a aprender algo novo.

Ás veces determinadas afirmacións enfádanme moito e póño-me a berrar. Todas e todos queremos ser o centro moral do noso propio universo, dicir *isto está ben, isto está mal, ti estás cancelada, ti non, ti estás comigo, ti estás contra min*. Pero temos que permitir que nos desafíen e aceptar a invitación a revisar os nosos modos de pensar, porque é a única maneira de **estarmos abertas ás persoas que están a tentar reclamar algo, ás veces por primeira vez, ser escoitadas, ser coñecidas, ser recoñecidas**.

Agora interésame menos defender unha teoría de xénero concreta e preocúpame moito máis **atopar formas creativas e eficaces de contrarrestar a ofensiva contra o xénero**. Un problema é que **moitas das persoas que se negan a permitir que as persoas trans se definan a si mesmas**, senten que a súa propia autodefinición se desestabiliza. A idea de que podemos cambiar a realidade, transformala para que sexa máis aberta, inclusiva e xusta provoca unha certa inestabilidade que resulta moi ameazadora para quen quere entender o seu xénero como algo fixo. Pero, **¿é necesario que o xénero de ninguén sexa necesario e universal, ou é máis ben unha emerxencia complicada que acontece en cada un de nós?** O noso sentido máis profundo de nós mesmas tamén se forma co tempo, e non sempre podemos saber por adiantado o que será.

A liberdade é unha loita, porque hai moito no noso mundo que nos di que non sexamos libres. Se queremos amar libremente, vivir e movernos libremente, temos que loitar para reclamar esa liberdade. Nas democracias adoita supoñerse que vivimos conforme a certos principios: igualdade, liberdade, xustiza. E, con todo, estamos constantemente aprendendo que é a liberdade, que é a igualdade e que pode ser a xustiza. **Eses desafíos —o movemento abolicionista contra a escravitude, o sufraxio feminino, o movemento polos dereitos LGTBIQ+ implican cuestionar as ideas que a xente xa ten sobre quen conta como suxeito, quen ten dereito a ser libre e como atopamos a xustiza.**

Estamos todo o tempo loitando por ese obxectivo. Temos que reapropiarnos destas nocións e mostrar que **as preocupacións pola xustiza racial, pola igualdade de xénero e pola liberdade de xénero** forman parte integrante de **calquera loita democrática**, especialmente se queremos repensar quen é o pobo e que significa que poida vivir en liberdade, sen medo.

CUESTIÓNS:

1. ¿De onde proveñen as presuposicións que temos acerca do **xénero**?, ¿co que outros nomes poderíamos designar as ideas que temos acerca do que é o **xénero** e os xéneros que hai?
2. ¿A que se pode estar a referir Judith Butler cando fala de *ataque ao xénero*?, ¿por que dí que supón un *ataque á democracia*?, ¿que se pode entender por *liberdade de xénero*?
3. ¿Como define a filósofa feminista o **xénero**?, ¿en que aspectos concorda con Simone de Beauvoir?, ¿que elementos ou factores constitúen o **xénero**?, ¿en que termos interpreta Butler a célebre sentenza de **Simone de Beauvoir** que figura en *O segundo sexo*?
4. ¿Que sería o **sexo**?, ¿que elementos determinan o sexo?
5. ¿Que leccións extrae Butler do terror dos campos de exterminio nazi, dende unha perspectiva de xénero?
6. ¿A que se pode estar a referir a pensadora feminista con *repensar o xénero*?, ¿que ten que ver coa *teoría queer*?, ¿que significa *queer*?, ¿por que di que inicialmente a teoría queer entrou en conflito co feminismo do momento?
7. ¿Que dúas versións dun certo tipo de *feminismo* rexeita Butler?, ¿por que motivos?
8. ¿Cal é o plantexamento que sostén a teórica e activista feminista da relación do **sexo** e o **xénero** con respecto ao suxeito (o individuo)?
9. ¿Que ensinanzas acerca do **xénero** extrae Butler das teorías da antropoloxa Gayle Rubin?, ¿que institución social transmite principalmente as estruturas de xénero? ¿baixo que forma ou modelo?, ¿por que asocia Butler os roles de xénero con mecanismos de represión?
10. ¿Cal é a propia visión que do **xénero** ten Judith Butler?, ¿que dúas explicacións acerca do xénero critica Butler?, ¿que significa que o xénero é *performativo*?
11. ¿Que supuxo o aparecer das persoas lesbianas, gays e trans no espazo público?, ¿que cambios comportou este aparecer socialmente ante os demais?
12. ¿Que dereitos reclaman as persoas trans?, ¿por que fala Butler de *ser recoñecidas*?, ¿que importancia ten o *recoñecemento*?, ¿a que se pode estar a referir Butler ao mencionar unha *linguaxe nova* que é necesario aprender, non só en relación ás persoas da comunidade afroamericana nos EE.UU. e as mulleres, senón tamén en relación ás persoas trans?